



Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 20 de agosto de 2012, adoptouse o seguinte acordo:

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO "SERVIZO DE XESTIÓN DA AULA DE ECOLOXÍA URBANA" (PN 0306 12/12) Á EMPRESA "SEAS, S.L. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES", E ACORDOS COMPLEMENTARIOS.- Examinada a proposta que eleva a Concellería Delegada de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos e Seguridade, que textualmente di: "A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 18/06/2012, aprobou o expediente de contratación administrativa correspondente ao **"Servizo de xestión da Aula de Ecoloxía Urbana"** (PN 0306 12/12); o prego de cláusulas administrativas particulares, a convocatoria da licitación mediante procedemento negociado con publicidade e multiplicidade de criterios de valoración e a aprobación do gasto por importe de 43.070,00 €/ano (co 18% do IVE incluído).

O día 20/06/2012 publicouse o anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Ferrol, e o 21/06/2012 nos diarios "La Voz de Galicia" e "Diario de Ferrol". Segundo consta no certificado emitido polo Rexistro Xeral, dentro do prazo de presentación de proposicións (do 21/06/2012 ao 28/06/2012) presentou oferta a esta licitación a empresa "SEAS, S.L. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES".

A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 09/07/2012, procedeu á revisión da documentación administrativa presentada pola empresa no sobre A), procedendo á declaración de oferta inicialmente admitida a presentada pola empresa SEAS, S.L. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES. De seguido, procedeuse, en acto público, á apertura do sobre B) "Referencias técnicas dos criterios non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes" da empresa inicialmente admitida.

Na sesión da Mesa de Contratación do 16/07/2012, de acordo co informe técnico de data 12/07/2012, emitido pola Técnica Municipal de Medio Ambiente, a Mesa valorou o sobre B) "Referencias técnicas dos criterios non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes", da oferta presentada e admitida inicialmente a esta contratación, correspondente á empresa SEAS, S.L. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, coa puntuación recollida no dito informe técnico que é como segue:

Proxecto técnico (ata 26 puntos)	Puntuación
Programa educativo primaria, secundaria, bacharelato	6
Programa didáctico para adultos	4
Programa visitantes ocasionais	6



Medios humanos adscritos ao servizo	4
Medios materiais adscritos ao servizo	3
Melloras propostas (ata 4 puntos)	1
TOTAL	24 puntos

De seguido, procedeuse á apertura, en acto público, do sobre C) "Oferta económica-referencias técnicas dos criterios avaliábles mediante cifras ou porcentaxes" da empresa inicialmente admitida a esta licitación, SEAS, S.L. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, que ofertou a execución do contrato por un importe de 32.800,00 euros/ano (importe sen IVE); 5.904,00 euros/ano (18% de IVE), o que supón un importe total de 38.704,00 euros/ano (18% de IVE incluído).

Polo anteriormente exposto, a Mesa de Contratación, co voto favorable de todos os asistentes, e tendo en conta que é o único licitador que concorreu á presente licitación e que cumpre o establecido nos pregos, acordou:

Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa SEAS, S.L. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES Proposta condicionada a que presente toda a documentación que se lle requirirá de acordo co establecido na cláusula 21 do prego de cláusulas que rexe esta contratación.

Efectuado o requirimento para a presentación de documentación á empresa SEAS, S.L. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, esta presentou en prazo toda a documentación.

Polo exposto, o concelleiro delegado da Área de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos e Seguridade proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

-Primeiro: ADXUDICAR, polas razóns recollidas na parte expositiva, o contrato correspondente ao "**Servizo de xestión da Aula de Ecoloxía Urbana**" (PN 0306 12/12) á empresa "SEAS, S.L. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES" (NIF B-15496904), por un importe de 32.800,00 euros/ano (importe sen IVE); 5.904,00 euros/ano (18% de IVE), o que supón un **importe total de 38.704,00 euros/ano** (18% de IVE incluído)., todo isto con suxeición ós pregos de cláusulas que rexen o presente contrato e consonte a súa oferta.

-Segundo: FORMALIZAR o contrato no prazo máximo de QUINCE DÍAS HÁBILES seguintes a aquel en que reciban a notificación da adxudicación os licitadores e candidatos, de conformidade coa cláusula 22 do prego.

-Terceiro: DESIGNAR á técnica municipal de Medio Ambiente, dona M^a del Carmen Vidal Bolaño, como a traballadora do Concello que realizará as funcións de responsable do contrato "**Servizo de xestión da Aula de Ecoloxía Urbana**" (PN 0306 12/12)."

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres/as asistentes, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o órgano que dictou a presente resolución dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, de conformidade co disposto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (BOE de 14.01.99), sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución e na forma prevista no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa (BOE de 14.07.98).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Atentamente o saúda.

Pazo Municipal, 22 de agosto de 2012.

O SECRETARIO XERAL.-

